

boletín do ceesg

febreiro



comunicado CGCEES

Nº 24 | Febreiro de 2009 | Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia



Rúa Gómez Ulla 7, 3º
15702 Santiago de Compostela
A Coruña

T 981 552 206 | F 981 938 274
ceesg@colexioeducadores.com
www.colexioeducadores.com

COMUNICADO DO CGCEES

Dende o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Educadoras e Educadores Sociais tras consultar o *Informe sobre Centros de Protección de menores con trastornos de conduta e en situación de dificultade social* emitido polo *Defensor del Pueblo*, manifestamos: En primeiro lugar, o noso máis absoluto rexeitamento cara ás prácticas atentatorias aos dereitos dos menores que se describen no informe e que se publicaron nos medios de comunicación.

Neste aspecto compartimos a idea de que se abra unha investigación e que se depuren responsabilidades nos Centros e nas persoas, tanto directivos como técnicos implicados nestas prácticas anti-educativas e traumáticas para os e as menores. Como Consello Xeral imos instar os Colexios que forman parte da nosa organización que abran unha investigación no referido á actuación dos Educadoras sociais nos devanditos centros.

Parécenos lamentable que se poidan producir estas situacións nos nosos días, pero cremos que responde a unha acumulación de erros, que se están a producir pola descoordinación existente neste sector, e a falta de aposta das administracións por este ámbito.

Dende esta Entidade, que representa nestes momentos aos dez Colexios autonómicos existentes no Estado, pretendemos destacar os seguintes aspectos, que apuntamos como posibles causas á situación que o seu informe describe, sen que en ningún momento a devandita análise poida ser xustificación para práctica lesiva ningunha.

Así expoñemos as seguintes anomalías que vimos detectando dende fai xa algún tempo:

- **En primeiro lugar, a protección dos nenos e nenas é responsabilidade da Administración Pública, a cal ten que garantir uns servizos de atención á infancia de calidade.** Correspóndelle garantir esta cuestión tanto nos servizos públicos de xestión directa coma nos que fosen adxudicados a entidades privadas. Por este motivo, tense que dispoñer de mecanismos de inspección e avaliación, así como de acreditación e selección de posibles adxudicatarios para que non se dean situacións tan graves como as que se mencionan neste informe e as que se expuxeron nos diferentes medios de comunicación. Sen estas garantías, e unha dotación presupostaria suficiente, puidemos comprobar os límites onde nunca se habería de chegar.
- **Non existe estrutura organizativa común, nin existen modelos nin protocolos comúns, nos centros.** Os devanditos protocolos de actuación foron solicitados polos Educadores/as Sociais ás diferentes Administracións dende hai tempo. Os protocolos de actuación, na maioría dos casos déixanse en mans das entidades privadas ás que se lles concede o servizo. Cremos que deberían existir uns protocolos de actuación e normativas marco comúns para estes centros, a nivel autonómico ou estatal, segundo sexa o nivel de competencias no territorio, con posibilidade de adaptación ao contexto do Centro en particular.
- **Cremos que o perfil profesional do Educador/a Social é o máis axeitado para o desenvolvemento desta tarefa.** A existencia de Colexios profesionais permitiría un control das actuacións adaptadas a uns principios éticos como os que temos nos nosos colejos.

Contratar o profesional máis axeitado é algo que se incum-

pre sistematicamente na maioría das autonomías dende o momento en que traballan persoas sen titulación universitaria ou con titulacións non adecuadas. En moitas ocasións atopámonos que solicitan perfís de persoal de seguridade para realizar labores supostamente "educativos".

Contamos coa edición duns documentos profesionalizadores, onde se desenvolve un catálogo de Funcións e Competencias da educadora e educador social, así como un Código Deontolóxico, para a nosa profesión, onde non terían cabida ningunha das prácticas detectadas no seu informe. (Estes documentos foron aprobados por consenso de todos os Colexios de Educadoras e educadores do Estado).

- **Aínda que non pretendemos asumir labores que non son específicas dos Colexios profesionais, consideramos básico que se analicen as condicións laborais e perfís profesionais das persoas contratadas nos centros, así como a permanencia dos equipos educativos.**

Podería ser un indicador máis para chegar a entender outra parte desta lamentable situación.

- **Outro aspecto a destacar é a supervisión tan precaria que existe dende a Administración, con estes Centros.** Como dicíamos anteriormente, débense establecer canles de comunicación e de recollida de información dende a Administración coa Dirección, pero tamén establecendo vías directas de información cos educadores/as sociais, e por suposto, o mesmo cos propios menores. Así mesmo a Administración debe poñer os medios, a través da supervisión e control dos recursos cara a que, nestes Centros teñamos cada vez actuacións de máis calidade cos menores, verdadeiros protagonistas e con dereito a estes recursos.

Probablemente existen moitas máis causas que xustifiquen a situación que se está a producir, pero dende aquí apuntamos as que xa vimos detectando e denunciando nas diferentes Administracións, e esperamos que esta situación que se acaba de descubrir sexa o punto de partida para a súa solución.

Con este escrito e a xeito de resumo, pretendemos manifestar a nosa máis absoluta repulsa do procedemento destes centros e das persoas que participaban destas prácticas, e por outro lado achegar algunha posible solución para que estes rapaces e rapazas poidan recibir unha educación de calidade, como calquera outro cidadán ou cidadá, independentemente das súas circunstancias persoais. Así mesmo queremos deixar constancia dos moitos profesionais que están a dedicar os seus máximos esforzos á educación destes menores e que están a quedar en entredito polas informacións que se están a dar nos medios de comunicación.

Atentamente,

Alberto Fernández de Sanmamed Santos
Presidente do CGCEES

ACTUACIONES REALIZADAS

- Acordo co Gabinete *Besada & Valencia*, de Vigo, que ofrece aos colexiados e colexiadas un desconto do 20% nos seus servizos de psicoloxía infanto-xuvenil e adulto.
- Carta dirixida a D. Alberto Tizón Martín, Subdirector Xeral de Menores, solicitando aclaración das razóns polas que non se contactou co colexio para a elaboración do protocolo de acollemento.
- Escrito dirixido ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar trasladándolle a preocupación expresada polos colexiados/as polo sistema de listaxes de contratación temporal nesa entidade, e solicitándolle o establecemento dun sistema de consulta.
- Escrito ao *Defensor del Pueblo* solicitando a publicación *Centros de Protección de menores con trastornos de conducta y en situación de dificultad social*, manifestándolle o interese do CEESG por esclarecer as situacións recollidas no mesmo e ofrecéndonos a colaborar neste ou noutros asuntos.
- Escrito dirixido ao concello de Cee, en relación á convocatoria e bases para a contratación temporal dun educador familiar publicada no BOP de A Coruña de 27 de xaneiro de 2009, para poñer de manifesto as recomendacións do CEESG referidas á admisión no proceso selectivo de persoas habilitadas para o exercicio da educación social (que nos confirmaron telefonicamente) e a aplicación do baremo de concurso indicado na orde de convocatoria de subvencións para o desenvolvemento de programas de educación familiar no caso de que sexan solicitantes, ou ben, de limitar o acceso a esta praza ás educadoras e educadores sociais no caso de que non o sexan.
- Acordo da Xunta de Goberno do CEESG de adquisición e formalización de escritura notarial de compra-venta dun baixo para as oficinas do CEESG sito na rúa Lisboa, do Polígono de Fontiñas, en Santiago de Compostela.

ALGUNHAS PUBLICACIONES DISPONIBLES NA BIBLIOTECA DO CEESG:

- “Revista de Estudios de Juventud” N° 62. Monográfico: *Aspectos psicosociales de la violencia juvenil*. Septiembre 2003. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Instituto de la Juventud
- Revista “O Benestar” N° 1. Inverno 2008. Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar
- (2002): *Programa óptima. Guía de desarrollo de acciones positivas*. Instituto de la Mujer
- AA.VV. (2007): *Congreso estatal de las casas de acogida a los centros de atención integral*. Instituto de la Mujer
- CAMPELLO GARCÍA, L. e TUBÍO ORDÓÑEZ, J. M^a. (2008): *Proxecto piloto de asistencia persoal. Estudo e avaliación*. COGAMI. Confederación Galega de Persoas con Discapacidade
- SERVICIO GALEGO DE IGUALDADE (2002): *Igualmente diferentes. Congreso nacional de educación en igualdad*. Servicio Galego de Igualdade
- FERREIRÓS, C. (2008): *Alfombriña. Contos da igualdade*. Bahía Edicións
- MAÑERU MÉNDEZ, A., SANTANA MOLINA, M. e HOLGUERAS PECHARROMAN, M. (Coord.)(2005): *De otra manera. Cuadernos de educación de adultas. Vol. 4*. Instituto de la Mujer
- MARTÍNEZ TEN, L. e ESCAPA GARRACHÓN, R (2008): *Guía de formación para la participación social y política de las mujeres. Manual de la profesora*. Instituto de la Mujer de Extremadura. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales
- MARTÍNEZ TEN, L. e ESCAPA GARRACHÓN, R (2008): *Guía de formación para la participación social y política de las mujeres. Manual de la alumna*. Instituto de la Mujer de Extremadura. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

ARTIGO DE INTERESE: Novo colexio profesional en Extremadura

Xa somos once, a organización profesional continua crescendo, síntoma de que, malia as dificultades que aínda temos, a nosa profesión é cada vez máis útil para a sociedade actual.

O colexio de Extremadura é o froito dos compañeiros e compañeiras desa comunidade, que levan anos traballando cóbado con cóbado co resto das entidades do Estado en Asedes, e agora, en Consello.

Aínda nos satisfai máis ter este primeiro colexio dende que temos Consello e estamos seguros que coa incorporación do colexio extremeño somos un pouquiño máis fortes. Esperamos agora que se logren os que faltan: Madrid, Navarra, Canarias, Asturias, La Rioja e Cantabria, teñen compañeiros poñendo os máximos esforzos niso.

É importante destacar que é outro colexio aprobado por unanimidade, por enriba de loitas partidistas. Todos os partidos recoñecen o interese, non só dos colexiados, senón o que ten que xogar o colexio de Extremadura, en defensa dos intereses xerais da sociedade.

Dende Galicia e dende o Consello queremos felicitar a todas as educadoras e educadores de Extremadura. Felicítalos a elas e eles é felicítarnos a todos.

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

FORMACIÓN CONTINUA

XI XORNADAS: MENORES, DROGAS E SOCIEDADE Factores de protección

Organiza: Proxecto Home

Lugar: Madrid. Auditorium ONCE

Datas: Do 15 ao 17 de abril

Información e inscricións:

Tlf. 91 357 92 78

www.proyectohombre.es / jornadas@proyectohombre.es

XORNADAS: MIRADA SOCIOEDUCATIVA SOBRE OS MENORES INFRACTORES

Organiza: Servicio de Menores de Aragón.

Lugar: Zaragoza. Salón de actos do *Espazo xoven "Baltasar Gracián"*

Datas: 14 e 15 de maio.

Información: Tlf. 976 71 50 04, ext. 22 24

<http://atencionmenores.blogspot.com/>

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de Becerreá (Lugo): Anuncio de modificación das bases de selección de persoal laboral fixo para un posto de traballo de director/a de Centro de Servizos Sociais. BOP 10/02/09 e DOG 23/02/09.

Concello de Moaña (Pontevedra): Bases xerais e específicas que regularán a convocatoria dos procesos selectivos para cubrir prazas e postos de traballo vacantes no plantel de persoal laboral fixo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2007. Un posto de Técnico en Animación Xuvenil. BOP 16/02/09

Concello de O Rosal (Pontevedra): Bases da convocatoria para a provisión dunha praza de persoal laboral fixo: educador/a familiar. BOP 19/02/2009

Concello de Barreiros (Lugo): Corrección de erros da oferta de emprego público. Unha praza de Técnico/a de cultura. BOP 25/02/09

Concello de Catoira (Pontevedra): Bases xerais, bases específicas e convocatoria do proceso de provisión de prazas de persoal laboral fixo polo procedemento de concurso-oposición por consolidación de emprego. Unha praza de Educador/a Familiar. BOP 26/02/09.

OUTROS

Consellería de Presidencia, Admóns. Públicas e Xustiza: Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego. DOG 02/02/09

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar. DOG de 02/02/09

Deputación Provincial de A Coruña: Bases da convocatoria de bolsas de investigación para o ano 2009. BOP de 12/02/09

Ministerio de Traballo e Inmigración: Resolución pola que se rexistra e publica a sentenza da Audiencia Nacional, relativa ao I Convenio colectivo marco estatal de acción e intervención social. BOE de 16/02/09.

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Corrección de erros. Decreto 9/2009, do 15 de xaneiro, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia. DOG 17/02/09

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde do 6 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as axudas para adquisición de equipamento e actividades programadas por asociacións xuvenís e entidades prestadoras de servizos á xuventude e se procede á súa convocatoria. DOG 17/02/09

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde do 2 de febreiro de 2009 pola que se regulan as subvencións para a cobertura do custo de procesos de mediación familiar en Galicia e se procede á súa convocatoria. DOG 12/02/09

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde do 6 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as axudas para programas de actividades realizadas por escolas de tempo libre e se procede á súa convocatoria. DOG 18/02/09

Consellería de Traballo: Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego. DOG 19/02/09

Ministerio de Educación, Política Social e Deporte: Real Decreto 99/2009, de 6 de febreiro, polo que se modifica o Real Decreto 614/2007, de 11 de maio, sobre nivel mínimo de protección do sistema para a autonomía e atención á dependencia garantido pola Administración Xeral do Estado. BOE 19/02/08

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde do 3 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as axudas destinadas a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas de apoio a familias monoparentais e se procede á súa convocatoria. DOG 26/02/09

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde do 11 de febreiro de 2009 pola que se establecen e convocan axudas de prevención e apoio a familias en situacións carenciais graves para a preservación dos menores no seu medio. DOG 26/02/09

Consellería de Cultura e Deporte: Orde do 19 de febreiro de 2009 pola que se regula o réxime de concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2009 e se procede á súa convocatoria. DOG 27/02/09